

FIRMA INVITADA

Necrófilos e necroloxías

ESTE ano perdemos a varios e moi queridos amigos. Cando nos falta un amigo de moitos anos nigo noso morre tamén a vontade como se foi máis fonda a nosa soledade e máis patético o noso desamparo. Resalta imposible loitar contra a vida, contra o destino, contra o tempo. Non temos poder pra evitar o inevitable. E non somos fatalistas. Non queremos, de ningún xeito, ser unhas necrófilos. Por eso nos resistimos a facer lozanza póstuma de amigos mortos. Cando compra render-lles a nosa homenaxe e mostrovalles a nosa apraio e afecto á en vida.

Con frecuencia, cando morre un escritor, un pintor, un artista calquera moitos dos seus coñecidos —que non auténticos amigos— fan-lles unhas necroloxías tremendas. Unhas panxéuticas desmentadas, retóricas, cheas de palabras que levan a vento. O máis curioso é que esas necrófilos profesionais —moitos deles críticos ou mellor, subcríticos— en vida do persoa desaparecido, cuxas lozanzas entonan, non se preocuparon del pra nada. Ou se se ocuparon foi a falar del con raticencias, negándolle méritos ao seu labor, poñendo reparos, dando o entender que non era tanto como se decía pero que... ¡bueno!

O máis curioso de todo son os reportaxes —de algún xeito hai que chamarlles— 'post mortem' feitos na televisión e nos radios. Nestes reportaxes mortuorios, levados na meirande parte dos veces por xente desconocedora do tema, aparecen, ao aire contaminado, opinións de morte un morante do peraxaxe como o propio interogador. O interpelado aproveita a ocasión pra pavonearse, dáse importancia, presume de íntimo e aínda de fraternal amigo de toda a vida —ao mellor só craxou deus ou tres saudos de cumprimento con él—, disertar encol do obra do de-

saparecido —que coloca só de referencias— a calificar o feito polo que se lle pregunta de dolorosa e irreparable perda. Non faltan nunca. Sempre o mesmo. Se o interogado ten algo que ver con esa sublegría chamada cultura oficial institucionalizada entón —e volta a expresión— prodízase o decaído, o despaído, as promesas de edición das obras inéditas do finado, de homenaxes multitudinarias con toda a parafernalia e ritual do caso.

HAI ocasións nas que se reúne a cámara municipal, a cámara de comercio, a cámara de futbolistas locais, a cámara de aspirantes a amos de casa e nomaus —ao finado— fillo predilecto da tribo, adicándole unha rúa, fono presidente de honra, socio de honra, aspirante de honra, honrándose a si propios. Publican esquelas nos xornais, nos radios, bandos de condolencia, declaran luto oficial, presiden funerais e adoran a fereiro de corcos, ramos, ramallos, ramallos e, como diría Bernardino Graña, de ramós. O conto remata como no poema de Antonio Espina, un poeta dos anos vinte, demasiado esquecido:

En el féretro negro te ves. Creo que has bien.
Mi último futuro eres y probablemente serás,
que no es mucho ser. ¿Qué color tuca nuestro
familiar?

Yo no lo sé.

Hubo en eso algo de juvenil buena fe,
el calor de la hora aburrida y el tedio conjunto,
la tiranía del rato, el náuseo y el asfalto,
la taza de café.

Nos queríamos tan mal que nos queríamos bien.
No pudiendo ser amigos o amo te quedaste en
compañero.

que es el último grado de amor de lo ajeno.

El paripé del corazón. ¡Paché!

Eso é o paripé do corazón. Antonio Espina foi demasiado xeneroso na súa

apreciación. Nós deixámolo en paripé a esas. Nos tempos que corren, non era. Antes un morto non o era só da familia: era do lugar, da aldeia, da vila. Haxa o defunto, nas vilas e cidades, non sequer á da familia. Na non morre na casa. Aos cadáveres, denantes de enterralos, ou non velalos, tévanos a un tanatorio. Horrorizante pero cómico. Os tanatorios, pra nós, son tan mostruosos como os bonais. ¿Quen pode asegurar que as débotes non se feren?

SERÍA curioso e interesante facer un fichero de notas necrolóxicas publicadas en xornais, sobre de todo as aparecidas na prensa provincial e provincial. Conviña fixarse nesas 'in memoriam' que escriben os espontáneos, maiormente se o defunto era o seu xefe, o compañeiro de partida, de luto ou se colocaban de "roca e vida". E máis se era iso denominado peraxaxo local. Estes espontáneos do 'in memoriam' usan un a prensa oncrónica e peculiar que forma un xénero literario. As enormidades que en tales escritos se poden leer, son tan inesfables e desmesuradas que movent a risa. Está ben así. Unha risa ou unha sorriso son unha afirmación na vida. Un acto de optimismo.



Por
Manuel María